



ANEXO I

BASES ESPECÍFICAS DOS BONOS DE CONSUMO LOCAL "MOAÑA CONSUME LOCAL"

ANTECEDENTES

No contexto socioeconómico actual, marcado pola excepcionalidade da pandemia do coronavirus COVID-19 e a conseguinte declaración do estado de alarma polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas prórrogas, é vontade da **Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (en adiante FECIMO)** fomentar a pronta recuperación da economía local a través da reactivación do consumo e a actividade empresarial.

Por este motivo, a presente federación quere levar a cabo a posta á disposición da clientela de Moaña duns bonos de consumo local para a reactivación económica e social da localidade, cuxo uso dotará de liquidez aos autónomos, autónomas e microempresas, principal motor de desenvolvemento económico e alicerce fundamental do tecido empresarial de Moaña.

Estes bonos, impulsados desde **FECIMO** e coa colaboración da Concellería de promoción económica do Concello de Moaña, ten como principal obxectivo mitigar os efectos negativos que a pandemia ocasionou no seu tecido empresarial local, para así, deste xeito, acadar unha pronta recuperación económica.

As persoas profesionais autónomas e microempresas do sector comercio, constitúen a base fundamental sobre a que se sustenta a economía da vila. A súa sustentabilidade económica e viabilidade a curto prazo e, por ende, o mantemento e a creación de emprego a nivel local, resulta certamente moi difícil.

Así, **FECIMO** xunto co **Concello de Moaña** queren apoiar firmemente o traballo dos profesionais autónomos e das microempresas axudándolles a sacar adiante os seu proxectos laborais e Empresariais mediante a reactivación do consumo local na vila.

Por este motivo, resulta imprescindible e necesaria a posta en marcha dun instrumento público como é o "Bono de consumo local – MOAÑA CONSUME local", en adiante **BONOS**, concibido como unha medida extraordinaria para axudar ao tecido empresarial a paliar os efectos económicos negativos derivados da pandemia da COVID-19, nas

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



microempresas e persoas traballadoras autónomas do seu termo municipal.

PROXECTO

Os **BONOS** intégranse no Plan de protección do tecido social e económico e dentro da campaña **MOÑA CONSUME LOCAL**.

O obxecto da convocatoria é reactivar o sector comercial de Moaña incentivando a compra de proximidade para a superación dos efectos económicos negativos derivados da pandemia provocada polo COVID-19.

Xunto á aprobación dun paquete de axudas directas destinadas á restauración e hostalería de proximidade, a Concellería de Promoción Económica do Concello de Moaña pon en marcha, en colaboración con FECIMO, unha iniciativa consistente na emisión de bonos para o consumo nos negocios, establecementos comerciais da vila, contando co compromiso e colaboración de toda a cidadanía para a revitalización da actividade económica local.

FUNCIONAMENTO:

As bases reguladoras da iniciativa **BONOS "MOÑA CONSUME LOCAL"** son as seguintes:

PRIMEIRA. CONTÍA A APORTAR POLO CONCELLO

O Concello de Moaña aportará inicialmente, sen prexuízo de ulterior ampliación, a cantidade de **100.000 euros** para a cobertura das **bonificacións do 30%*** dos importes das compras realizadas no tecido empresarial local beneficiario da axuda recollido na base **TERCEIRA** e que se instrumentarán en formato electrónico a través dos soportes especificados na base **SEXTA**. Deste xeito, asegúrase un investimento mínimo de **300.000 Euros** que recaerán directamente nos establecementos comerciais de Moaña. A partida orzamentaria corresponde á 4312.48001 do Orzamento do Concello de Moaña para 2021.

*= O disfrute dos bonos estará sempre supeditado á existencia de crédito no sistema.



SEGUNDA. DURACIÓN DA CAMPAÑA

O prazo para disfrutar dos descontos aplicados ao consumo local, será **do 11 de Outubro ata o 10 de novembro de 2021, ambos inclusive***.

*= A campaña darase por finalizada cando o crédito restante no sistema sexa cero.

TERCEIRA. SOLICITUDE E PROCESO DE ADHESIÓN Á CAMPAÑA PARA ESTABLECEMENTOS

Os establecementos interesados en participar, deberán cumprimentar na forma e prazo o formulario indicado na **BASE CUARTA** relativa á adhesión á campaña **MOAÑA EN LOCAL** que estará á súa disposición na url <https://xn--moaaconsumelocal-8tb.gal/>.

Posteriormente, poderán ser requiridos para aportar a documentación seguinte:

- Fotocopia do NIF/CIF.
- Certificado de alta no IAE.
- Último recibo de autónomos de que se dispoña.
- Certificado de conta bancaria.
- Outra documentación: a organización resérvase o dereito de solicitar calquera outro documento que considere necesario para determinar a elixibilidade das empresas solicitantes.

Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que teñan o seu IAE principal nalgún dos IAEs recollidos nas bases, e se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

– **Grupo I:** Que se visen afectadas polo peche en virtude do disposto no artigo 10.1 e 10.4 do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e a súa modificación aprobada no RD 465/2020, do 17 de marzo de 2020.

– **Grupo II:** Que non se visen afectadas polo peche, pero cuxa facturación no ano 2020 se vira reducida, polo menos, nun 40% en relación coa facturación do ano 2019. Cando a persoa física ou xurídica non leve de alta o tempo esixido para a acreditar a redución

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



dos ingresos, a valoración levarase a cabo tendo en conta o período de actividade.

Para os efectos destas bases, para a consideración de microempresa atenderase ao indicado no anexo I do Regulamento.(UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea. (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non excedan de 2 millóns de €

Actividades subvencionables

(segundo a clasificación de actividades do imposto sobre actividades económicas-IAE)

GRUPO I

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2 Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos terrestres.

654.6 Comercio polo miúdo de cubertas, bandas ou bandaxes e cámaras de aire para toda clase de vehículos.

656. Comercio polo miúdo de bens usados tales como mobles, enxoval e útiles ordinarios de uso doméstico.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2 Comercio polo miúdo de mobles de oficina e de máquinas e equipos de oficina.

659.5 Comercio polo miúdo de artigos de xoiería, relojería, pratería e bixutería

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



659.6 Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, pezas deportivas de vestido, calzado e tocado, armas, cartuchería e artigos de pirotecnia

659.9 Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta Agrupación, excepto os que deban clasificarse no epígrafe 653.9

662.2.- Comercio al por menor de toda clase de artigos, incluíndo alimentación y bebidas, en establecementos distintos de los especificados en el Grupo 661 y en el epígrafe 662.1.

663.2 Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente de artigos téxtiles e de confección.

663.3 Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente de calzado, peles e artigos de coiro

Grupo 671. Servizos en restaurantes

Grupo 672. En cafeterías

Grupo 673. En cafés e bares con ou sen comida.

Grupo 676. Chocolaterías, xeladerías e horchaterías.

Grupo 972. Salóns de peiteado e institutos de beleza.

973.1.- Servizos fotográficos.

GRUPO II

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e refugos; de produtos derivados cárnicos elaborados: de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



644. Comercio polo miúdo de pan, pastelería, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.

645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.

647. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e bebidas en xeral (agás 647.4 e 647.5).

652. Comercio polo miúdo de medicamentos, artigos de drogaría e limpeza, perfumaría e cosméticos (agás 652.1).

659.3 Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos

659.4 Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio, e artigos de debuxo e belas artes.

659.7 Comercio polo miúdo de sementes, abonos, flores e plantas e pequenos animais

Grupo 691 Reparación de artigos eléctricos para o fogar, vehículos automóbiles e outros bens de consumo.

CUARTA. FORMA DE PRESENTACIÓN E PRAZO DA SOLICITUDE

Forma: A solicitude de participación, por parte das empresas, presentarase a través do formulario web ubicado na url <https://xn--moaconsumelocal-8tb.gal/>

Prazo: o período de solicitude de adhesión á campaña por parte dos establecementos comerciais e de hostalería interesados comezará o **día 15 de SETEMBRO e rematará o 10 de OUTUBRO de 2021.** Non se admitirán máis solicitudes a partir da data límite.

Posteriormente, na web <http://www.moañaconsumelocal.gal> publicarase o listado definitivo sectorizado con todos os participantes neste proxecto para facilitar aos usuarios a súa consulta.



QUINTA. OBRIGAS DO ESTABLECEMENTO ADHERIDO

A empresa adherida obrígase a:

- a) Aportar, en tempo e prazo, a documentación que lle sexa requirida dende a organización.
- b) Recibir e colocar os materiais informativos dos **DESCONTOS MOAÑA CONSUME LOCAL** nun lugar visible do establecemento.

Dito material consistirá en:

- Bases da iniciativa.
 - Carteis identificativos.
- c) Facer un uso responsable dos **DESCONTOS** evitando o uso fraudulento* dos mesmos.
 - d) Emitir as facturas das operacións bonificadas indicando o desconto aplicado a cada operación.
 - e) Emitir, nos 10 días posteriores á finalización da campaña, factura á FECIMO cos importes bonificados nas operacións realizadas.

*= Prohíbese expresamente canxear bonos por tarxetas regalo, vales compra, ou calquera outra figura análoga. O canxe de bonos conlevará obrigatoriamente a entrega, no acto, de bens ou o disfrute de servizos ofertados polo establecemento.

SEXTA. CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNNS DOS DESCONTOS

Condicións xerais dos DESCONTOS

- Desconto por operación do **30%** sobre operacións de mínimo **10€**.
- Data de inicio de uso dos bonos: **11 de Outubro de 2021**.
- Data límite de uso dos bonos: **10 de Novembro de 2021**.
- Tódas as operacións deberán ir ligadas a un ticket ou factura de compra.
- Tódas as operacións estarán supeditadas á existencia de crédito no sistema para ser validadas.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104



Condicions particulares dos DESCONTOS para CLIENTES.

- Deberán presentarse os **DNI** ou **NIE** orixinais e vixentes no momento da compra.
- Non poderán obterse descontos con **DNI** de menores de idade.
- **Desconto máximo acumulable** por **DNI** ou **NIE** orixinal de **75€**.
- O rexistro na campaña non supón unha reserva de crédito para o cliente nin á percepción de cantidade económica algunha por parte deste. Co rexistro o cliente accede a unha base de usuarios autorizados a desfrutar de ofertas desconto supeditada á existencia de crédito para poder formalizarse.
- O rexistro dos bonos realizarase a través da plataforma dixital habilitada a tal efecto na web <http://www.moañaconsumelocal.gal>. No seu caso, a **Federación de Comerciantes do Morrazo (FECIMO)** prestará asistencia personalizada no uso dos medios electrónicos, para o rexistro das persoas que a precisen. Dita asistencia prestarase nas instalacións de **FECIMO** sitas en Avda de Vigo 91-Baixo (Cangas do Morrazo) ou telefonicamente a través do **986305000**, en ámbolos casos no horario de apertura ao público da mesma.

Condicions particulares dos DESCONTOS para ESTABLECEMENTOS.

- Establécese un **límite máximo de #1.350€#* bonificados por establecemento** comercial. Unha vez esgotado este límite o establecemento non poderá bonificar máis operacións.
 - Establécese unha reserva de crédito de **#900€#**** por establecemento participante. **Exceptúase desta reserva a aqueles establecementos beneficiarios doutras liñas de axudas levadas a cabo polo concello na mesma anualidade.**
 - Os establecementos participantes obríganse a emitir factura ou ticket de compra por cada operación bonificada.
 - O establecemento comercial obrígase a indicar no ticket ou factura o importe do desconto realizado.
 - O establecemento comercial deberá gardar os tickets ou facturas de compra bonificadas un mínimo dun ano dende a súa emisión.
 - O establecemento comercial deberá comprobar a identidade do cliente mediante a presentación do DNI deste.
 - Non está permitido o troco de bonos por cheques compra e/ou outras figuras análogas.
- *= (límite suxeito á dispoñibilidade orzamentaria)
**= A cantidade poderá minorarse se o número de empresas rexistradas con dereito a reserva impide acadar dita cantidade.

Concello de Moaña



Soportes dos bonos

Os bonos utilizarán o sistema de tarxetas virtuais e saldos electrónicos utilizados na tarxeta de fidelización do comercio local do Morrazo, adaptado por FECIMO ás necesidades e deseños do presente proxecto. As tarxetas emitidas serán tarxetas dixitais sen posibilidade de emisión de tarxeta física.

Funcionamento da tarxeta "Moaña consume local"

- O cliente deberá entrar na web <http://www.moañaconsumelocal.gal> dende a que poderá rexistrar, mediante nome e DNI, o seu usuario na plataforma. Unha vez finalizado o procedemento recibirá a súa tarxeta **en formato dixital** ligada ao seu DNI.

- O cliente poderá acudir ao establecemento comercial (previamente rexistrado na campaña) a realizar as súas compras, podendo descontar, do importe da compra, o 30% do importe da compra correspondente ata o límite de 75€ como máximo.

Para elo, o comerciante, entrará na súa área privada na web <http://www.moañaconsumelocal.gal> e, unha vez identificado ao usuario beneficiario, aplicará o correspondente desconto ao importe da compra. Automaticamente o sistema devolverá a operación descontada ou un aviso no caso de que o bono do cliente se atope esgotado.

Quincenalmente, e tra-la emisión das correspondentes facturas a FECIMO, procederase a realizar a liquidación do establecemento contra a conta facilitada no momento do rexistro.

SÉTIMA. PROCEDIMENTO DE RECEPCIÓN DOS IMPORTES DESCONTADOS POR PARTE DOS ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS

Os establecementos participantes, cobrarán os importes descontados, na forma e prazos que se determinen no convenio coa **Federación de Comerciantes do Morrazo (FECIMO)**.

O sistema procederá ás liquidacións de ditos importes quincenalmente de xeito automático e aos números de conta especificados polas empresas no seu rexistro no sistema.

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100. Fax: 986310104